

ENTROIDO PONTEVEDRA

2019

BOTICA DA PEREGRINA



BOTICA DA PEREGRINA

2



2



ENTROIDO PONTEVEDRA

2019

VENRES 1 DE MARZO

20.00 horas Praza da Ferraría. Degustación de filloas de Entroido

21.00 horas Praza da Ferraría. Recepción do alcalde a Urco, rei do Entroido, quen chegará a Pontevedra acompañado do seu séquito e das comparsas Os Canecos, Amoriños de Bora, Las Flores del Carnaval, Os Solfamidas e Os Paparrulos, As Sonecas e Os Miúdos.

Lectura do pregón a cargo da agrupación Os Solfamidas.

SÁBADO 2 DE MARZO

11.00 horas Pasarrúas polo centro histórico da comparsa Os Canecos.

16.00 horas José Malvar. Concentración dos participantes no desfile para realizar a inscrición e recollida do número de participación.

17.00 horas Desfile do Entroido. Saída dende a rúa José Malvar; percorrera as rúas Loureiro Crespo, Benito Corbal, Peregrina, Michelena, praza de España e rúa Alameda.

20.00 horas Praza da Ferraría. Celebración da festa do Entroido durante a que se fará entrega dos premios do concurso de disfraces en cada unha das modalidades.

LUNS 4 DE MARZO

De 9.30 a 14.00 horas V Campamento Urbano Entroido Pirata.

Para nenas e nenos de 6 a 12 anos.

Inscrición no Casino Mercantil e Industrial (praza de Curros Enríquez) teléfono: 986 851 670

17.00 horas Praza da Verdura. Obradoiros de xogos e disfraces.

19.30 horas Praza da Peregrina. **Presentación do loro Ravachol.**

Recreación da botica de don Perfecto Feijoo.

Actuación: **Comando Foucellas**

21.00 horas Pazo da Cultura. Primeira eliminatoria do XXVIII Concurso de Murgas.



MARTES 5 DE MARZO

De 9.30 a 14.00 horas V Campamento Urbano Entroido Pirata.

Para nenas e nenos de 6 a 12 anos.

Inscripción no Casino Mercantil e Industrial (praza de Curros Enríquez) teléfono: 986 851 670

16.30 horas Mercado de abastos. XXIV Festa da Filloa, concurso de filloas.

Organiza: Radio Voz.
Promove: Concello de Pontevedra.

17.00 horas Prazas da Ferraría. Festa Pirata de Entroido Infantil.

Animación infantil con Rivel e varios DJ

22.00 horas Noite Pirata. Desembarco da tripulación do Burla Negra no centro histórico. Amosa o teu lado pirata! Únete ao Pirata da Moureira!

Asociación Combrus e Troula

A continuación animación de rúa coas comparsas:

Os da Caña
Solfamidas
Las Flores del Carnaval
Os Miúdos
As Sonecas
Os Paparrulos
Os Canecos
Amoriños de Bora
Vamos a Todo
Equipo Ja

MÉRCORES 6 DE MARZO

16.30 horas Campo da festa de Cabaleiro. Recuperación do Entroido tradicional de Campaño. **A Corrida da Rosca.**

Festival infantil do Entroido.

17.00 horas Praza da Peregrina. Obradoiro: As máscaras de Rava-chol.

18.00 horas Discoteca Daniel. Baile de disfraces para persoas maiores.

Orquestra Bahía

19.00 horas Recreación da botica de don Perfecto Feijoo.

Ambientación a cargo da Aula de Teatro Municipal e persoeiros relevantes da época na cidade.

Actuación de Xeitura

21.00 horas Pazo da Cultura. Segunda eliminatória do XXVIII Concurso de Murgas.

XOVES 7 DE MARZO

21.00 horas Pazo da Cultura. Final do XXVIII Concurso de Murgas.

VENRES 8 DE MARZO

22.30 horas Prazas e rúas da cidade. XXV Mostra da Parodia do Entroido.

01.00 horas Praza da Ferraría. Entrega de premios da XXV Mostra da Parodia do Entroido.



SÁBADO 9 DE MARZO

12.00 horas Praza da Peregrina. Recreación da botica de don Perfecto Feijoo, actuación de Comandó Foucellas e Os Alegres.

13.00 horas Murgas na Rúa
Murga PTV
Murga Os do Val do Lérez
Murga Equipo Ja
Murga do Naveiro

Prazas de Curros Enríquez, Méndez Núñez, Verdura e Leña.

18.00 horas Praza da Verdura. **Comezo do velorio de Ravachol na sala mortuoria.** Prégase a asistencia de loito rigoroso.

21.00 horas Saída do cortexo fúnebre dende a praza da Verdura acompañado do seu séquito e das comparsas Amoriños de Bora, Os Canecos, Os Paparrulos, Os Solfamidas, Os 100 Tolos, Os Miúdos, Las Flores del Carnaval, Vamos a Todo, Os da Caña e As Sonecas percorrendo as rúas San Román, Ferraría, paseo Antonio Odriozola, Soportais, Manuel Quiroga, Princesa, Sabela II, Rúa Real, Sarmiento, Pasantaría e praza da Ferraría.

VELORIO INFAUSTO

Cabodano das honras fúnebres do fenecido Ravachol. Praza da Ferraría

Procederáse á incineración do finado. Na súa honra terá lugar unha sentida coroa fúnebre, cun espectáculo necrolóxico.

Programa:

- 1º Introito coa lectura dunha elexía para o finado.
- 2º Os de Algures, velorio tradicional
- 3º Celme, danza da morte
- 4º Saeta Val do Lérez
- 5º Incineración do loro Ravachol

VII XORNADAS SOBRE O ENTROIDO DE GALIZA

LUGAR: CITA
HORARIO: 18.00 a 21.00 h
DATA: 15 E 16 DE MARZO

Exposición fotográfica sobre o Entroido de Galiza

Aberta mañá e tarde

VENRES 15 DE MARZO

18.00 horas Apertura das xornadas

18.15 horas Conferencia de Xosé Anxo Rosales e Guillermo Costas: "Achegamento ao teatro popular no Entroido de Pazos de Borbén"

19.00 horas Conferencia de Pedro Basalo: "Historia recente do boteiro de Viana do Bolo"

19:50 horas Conferencia de Xerado Dasairas: "As máscaras no Entroido ourensán"

20.45 horas Mesa redonda e coloquio cos relatores

SÁBADO 16 DE MARZO

18.00 horas Apertura da xornada do sábado

18.15 horas Presentación de traballos sobre o Entroido da Sociedade Antropolóxica Galega

18.45 horas Conferencia Emilia Caggio: "A repercusión do Entroido de Samede"

19.45 horas Conferencia de Patricia Cordeiro: "Carnaval de Podence: de ritual comunitario a ícona nacional"

20.45 horas Mesa redonda e coloquio final

21.00 horas Clausura das xornadas

BASES DO DESFILE DO ENTROIDO

As comparsas compoñeranse dun mínimo de 20 persoas que irán acompañadas de instrumentos musicais e interpretarán cancións carnavalescas ou pasacalles durante o desfile. A maioría dos seus compoñentes deben ir a pé. Os nenos e nenas que participen no desfile non poderán entrar no concurso a non ser que estean integrados nunha comparsa ou cun grupo de adultos. O xurado terá en conta o vestiario, a animación de rúa e a calidade musical.

Os disfraces premiados daranse a coñecer durante o transcurso da verbena do Entroido, que se celebrará na noite do sábado 2 de marzo na praza da Ferraría. Os premios deberanse recoller de xeito obrigatorio cos mesmos disfraces cos que foron premiados. Ademais levarán a tarxeta de inscrición e mais os DNI.


Para valorar os disfraces, o xurado terá en conta non só a categoría do disface, senón tamén a participación activa e humorística durante o desfile. Haberá un premio especial do Entroido consistente no Ravachol 2019 para aquela comparsa ou grupo que, a xuízo do xurado, reúna especiais características no conxunto. Este premio poderá quedar deserto.

O xurado resérvase o dereito a descualificar aquelas persoas con disfraces que, ao seu xuízo, poidan resultar ofensivos, de dubidosa interpretación ou que non cumpran as normas que ao longo da comitiva vaia transmitindo o persoal de organización, que irá debidamente identificado.

As e os participantes, no momento da súa inscrición, deberán presentar copia dos DNI dos integrantes e facer constar en que modalidade queren participar: facha ou disface. O prazo de inscrición comenza o día seguinte da publicación das bases da convocatoria no BOP ata as 13.00 horas do venres 1 de marzo no Servizo de Cultura (rúa Churruchaos nº 2, 1º andar) e o sábado 2 de marzo día do desfile na rúa José Malvar ata as 16.30. A orde de participación das comparsas no desfile determinarase logo dun sorteo, que se realizará unha vez rematado o prazo de inscrición.

Os grupos sobre camións - góndolas ou grandes plataformas non poderán exceder o ancho da propia góndola ou plataforma nin superar os 4 metros de altura; en calquera caso todos os participantes do Entroido adaptarán as súas estruturas ao trazado por onde transcorre o desfile.

A participación supón a plena aceptación destas bases. Os participantes deberán inscribirse na modalidade axeitada. A decisión do xurado será inapelable.



CA DA PEREGRINA



2



BOTICA DA PEREGRINA

2



PREMIOS DO DESFILE DO ENTROIDO

INDIVIDUAIS	DISFRACE	FACHAS
1º PREMIO	250,00 €	250,00 €
2º PREMIO	150,00 €	150,00 €
PARELLAS	DISFRACE	FACHAS
1º PREMIO	350,00 €	350,00 €
2º PREMIO	230,00 €	230,00 €
GRUPOS	DISFRACE	FACHAS
1º PREMIO	2.400,00 €	2.400,00 €
2º PREMIO	1.700,00 €	1.700,00 €
3º PREMIO	1.200,00 €	1.200,00 €
4º PREMIO	900,00 €	900,00 €
5º PREMIO	500,00 €	500,00 €
6º PREMIO	300,00 €	300,00 €

COMPARSA	
1º PREMIO	2.400,00 €
2º PREMIO	1.800,00 €
3º PREMIO	1.600,00 €
4º PREMIO	1.150,00 €
5º PREMIO	850,00 €
6º PREMIO	540,00 €



BASES DO CONCURSO DE MURGAS

Deben estar compostas por un número mínimo de cinco persoas e un máximo de vinte e terán que ir acompañadas de calquera tipo de instrumento.

Aquelas que desexen participar deberán realizar a súa inscrición no Servizo de Cultura (rúa Churruchaos nº 2, 1º andar) dende o día seguinte a publicación das bases da convocatoria no BOP ata as 12.00 horas do sábado 2 de marzo, presentando copia dos DNI dos integrantes da murga.

Os/as integrantes de cada murga só poden participar única e exclusivamente nunha.

A orde para a interpretación das cancións de cada unha das murgas quedará establecida median-

te un sorteo que se celebrará o sábado día 2 de marzo, ás 12.00 horas, no Servizo de Cultura (rúa Churruchaos nº 2, 1º andar) ao que debe asistir un representante de cada murga.

O tempo destinado a cada actuación é de 30 minutos como máximo. Poderá ser inferior se cada murga o desexa así.

As cancións que se interpreten serán de temática libre e adaptadas ao estilo do Entroido. Valorarase a contribución humorística na actuación.

Cada murga recibirá 250 euros como gratificación pola súa participación.

No caso de que a participación exceda de cinco murgas, celebraranse dúas eliminatorias que terán lugar no Pazo da Cultura o luns día 4 de marzo e o mércores día 6 de marzo ás 21.00 horas, a final será o xoves 7 de marzo ás 21.00 horas.

Calquera aspecto non contemplado nestas bases resolverao o xurado. O feito de presentarse ao concurso supón a aceptación destas bases e mais a conformidade coa decisión do xurado, que será inapelable.

PREMIOS DO CONCURSO DE MURGAS

1º PREMIO	1.200,00 €
2º PREMIO	1.050,00 €
3º PREMIO	900,00 €
4º PREMIO	750,00 €
5º PREMIO	400,00 €



BASES DA MOSTRA DA PARODIA

No concurso da Mostra da Parodia valorarase a orixinalidade e a novidade, tanto dos disfraces como das parodias que se representen. Cada grupo participante representará a súa parodia nunha praza ou rúa da cidade, que se decidirá logo de celebrar o correspondente sorteo.

A inscrición para participar nesta mostra farase no Servizo de Cultura (rúa Churruchaos nº 2, 1º andar) dende o día seguinte da publicación das bases da convocatoria no BOP ata o sábado 2 de marzo, ás 12.00 horas, para inscribirse terán que presentar copia dos DNI dos integrantes da parodia.

Os grupos participantes comezarán a súa representación a partir das 22.30 horas do venres 8 de marzo, no lugar previamente asignado.

Ás parodias sobre camións - góndola ou grandes plataformas asignaráselles, igualmente por sorteo, un espazo na rúa de Benito Corbal ou praza de España.

A entrega dos premios celebrase á 01.00 hora na praza da Ferraría.

PREMIOS DA MOSTRA DA PARODIA

1º PREMIO	1.300 € Ravachol 2019
2º PREMIO	1.000 €
2º PREMIO	1.000 €
3º PREMIO	700 €
3º PREMIO	700 €
6º PREMIO	700 €

PREMIOS DO CONCURSO DE FILLOAS

1º Premio	450 €
2º Premio	300 €
3º Premio	180 €
4º Premio	120 € (á mellor presentación)
5º Premio	Vale por unha lacoada doado por Supermercados Froiz

Premio ao mellor disface

Tres cheques – compra doados polo Centro Comercial Urbano-Zona Monumental.

ORGANIZA: Radio Voz


PROMOVE: Concello de Pontevedra

COLABORAN: Supermercados Froiz, Centro Comercial Urbano-Zona Monumental, ex-alumnos da Escola de Hostalaría Carlos Oroza.

XORNADAS GASTRONÓMICAS

Distintos establecementos hostaleiros ofrecerán degustacións e menús típicos do Entroido.

COA COLABORACIÓN DO CENTRO COMERCIAL URBANO-ZONA MONUMENTAL.



BOTICA DA PEREGRINA

